

INFORME PARA A AVALIACIÓN INTERNA SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

CONVOCATORIA: 2014-2015

PROVISIONAL

FINAL

DATA: 27-07-2016

DATOS DO TÍTULO	
DENOMINACIÓN DO TÍTULO	Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos
CENTRO/S ONDE SE IMPARTE O TÍTULO	Facultade de Ciencias da Educación
RESULTADO DO PROCESO DE SEGUIMIENTO	<input type="checkbox"/> CONFORME EXCELENTE <input checked="" type="checkbox"/> CONFORME (C) <input type="checkbox"/> NON CONFORME

Xustificación do Resultado:

A metodoloxía utilizada para a avaliación deste título está baseada na “Guía para o seguimento dos títulos oficiais de grao e máster” da ACSUG do xullo de 2015.

Cumprimento do proxecto establecido:

De acordo coas evidencias e indicadores avaliados, o título parece ter unha definición clara de xeito que conta con unha demanda aceptable que non fai temer pola súa supervivencia no futuro mais próximo.

Detéctanse sen embargo aspectos mellorables que os responsables do título deben abordar pois poder por en perigo a súa viabilidade. Un primeiro aspecto é os problemas derivados do deseño do TFM. A superación desta materia esta supoñendo a demora na finalización dos estudos. Aínda que se argumentan diferentes causas para o baixo número de presentados, os responsables da titulación deberían considerar se as liñas de traballo e a súa carga de traballo están dimensionadas para o perfil de estudante.


Outro aspecto a considerar é o nivel de rexistro de evidencias das actividades da titulación. Non constan evidencias de coordinación académica e, en xeral, o número de rexistros almacenados na aplicación do SGC é moi baixo.

Plan de melloras do título:

Os responsables da titulación deben analizar se o plan de melloras está a responder a vontade real dos axentes implicados: algunha das accións de mellora non se realizaron o sinxelamente non se informa do seu estado. Outras, aínda que se realizaron non tiveron o resultado pretendido e non se reflexiona sobre as causas nin as posibles alternativas.

Modificacións do plan de estudo:

Vigo, a 27 de xullo de 2016



Xosé María Gómez Clemente
Director da Área de Apoio á Docencia e Calidade

1. Valoración do cumprimento

Resultado:

<input type="checkbox"/> Conforme excelente	<input checked="" type="checkbox"/> Conforme	<input type="checkbox"/> Non Conforme
<input type="checkbox"/> A	<input type="checkbox"/> B	<input type="checkbox"/> D
	<input checked="" type="checkbox"/> C	

Resumo das Valoracións:

Organización e Desenvolvemento	B
Información e Transparencia	B
Sistema de Garantía de Calidade	B
Recursos Humanos	C
Recursos Materiais e Servizos	A
Resultados de Aprendizaxe	C
Indicadores de Satisfacción e Rendemento	C

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se está a realizar conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permite una correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

Evidencias	Descrición
E4: Guías docentes das materias/asignaturas	As guías completáronse no presente curso de xeito que se incorporaron todos os apartados nas dúas linguas oficiais.
E30: Actas do último curso da Comisión Académica / Comisión de Titulación	O centro emitiu un informe das actividades de coordinación en todas as titulacións adscritas a este. Ademais, dispónse das actas de reunións (4) que abrangue asuntos de trámite e axuste de pagos por tarefas de coordinación. Non consta sen embargo análise algunha de actividades de coordinación entre as materias, cumprimento de competencias e cualificacións das materias.

1.1.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
As actas da CAM non reflicten as tarefas de coordinación docente	Non	

1.1.2 Valoración do Criterio:

Organización e Desenvolvemento	B
---------------------------------------	----------

1.1.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	E30	A CAM debería recoller nas súas actas os resultados do establecemento dos mecanismos de coordinación docente (ademais da planificación e cuestións de trámite da xestión académica) que sen dúbida estanse a realizar.

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese), nas seguintes evidencias:

- E1- E6 Páxina web do título/centro/universidade
- E1 Memoria vixente da titulación
- E4: Guías docentes das materias/ asignaturas

Elemento	Valoración	Descrición
<p>A información da organización académica da titulación é completa?</p>	<p>B</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Na páxina Web existe un PDF no que o interesado pode obter información da composición dos diferentes módulos y materias así como a carga crediticia. Non se observa, no mesmo arquivo, referencias a organización temporal, que aparece reflectido noutro enlace (horarios). A información neste caso tampouco é precisa pois non se identifican con claridade a distribución horaria da meirande parte das materias. É preciso traballar nunha mellor claridade desta información. Nótese que esta información debe ser comprensible para calquera persoa e non soamente os implicados directamente na titulación. • Nalgunhas materias o número e enunciado das competencias resultado de aprendizaxe no coinciden co da memoria verificada p.e.: Xénero e Educación. Noutros casos a formulación en DOCNET non é correcta (as competencias foron incluídas todas xuntas sen unha correspondencia específica coas da titulación) p.e.: Compensación de “las” desigualdades en educación. Neste último caso, como no da materia Interculturalismo en Ámbitos Escolares obsérvanse discrepancias no propio nome da materia na memoria (Interculturalismo en contextos escolares”). • Aínda que existe indicacións non moi precisas de aulas e horario de impartición das clases presenciais, non se atopa ningunha referencia (nin orientativa) das datas de avaliación. Aínda que nas materias consultadas en DOCNET, dedúcese que a avaliación é fundamentalmente continuada en forma de traballos e desenrolo de actividades, o/a futura/o a/o alumna/o debe poder informarse no momento de matrícula cando se pecha o período de avaliación de cada unha das materias. • Non constan datas de avaliación, tampouco as temáticas ou liñas de actuación onde realizar os proxectos. Os criterios de avaliación, como así se expresa na páxina Web, son soamente orientativos. <p>Ver apartado de alegaciones</p>
<p>A información do SGC é completa?</p>	<p>B</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Consta e é público o manual de procedementos, política e obxectivos de calidade do centro. No apartado de Obxectivos de calidade debe modificarse a entrada “Curso 2014-2015 e posteriores” por “Curso 2014-2015” aínda que sexan os mesmos pois se reeditaron do curso presente.

A información dos recursos humanos e materiais é completa?	B	<ul style="list-style-type: none"> A titulación na súa páxina Web ben de incorporar unha descrición do persoal docente que está a colaborar na etapa formativa incluíndo a/as materia/s nas que están a colaborar. Non se incorpora o mesmo tipo de información para o persoal de apoio e recursos materiais aínda que a súa identificación co centro permite supor que, como calquera outra titulación debe contar con este tipo de servizos. <p>Ver apartado de alegacións</p>
A información dos resultados é completa	B	<ul style="list-style-type: none"> Consta a elaboración do correspondente informe aínda que non consta que sexa público, nin foi rexistrado no SGIC. O centro elabora ademais informes anuais de resultados e de accións de coordinación de todas as titulacións. <p>Ver apartado de alegacións</p>

1.2.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Discrepancias entre os obxectivos das materias da memoria verificada e as que figuran en DOCNET	Si	Revisión das guías en DOCNET
Discrepancias entre os nomes das materias en DOCNET e a memoria da titulación	Si	Revisión das guías en DOCNET

1.2.2 Valoración do Criterio:

Información e Transparencia	B
------------------------------------	----------

1.2.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	E4	Discrepancias entre a memoria verificada e as públicas en DOCNET

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Evidencias:	Descrición
E05- E7-E8: Documentación do Sistema de Garantía de calidade	O número de rexistros neste caso é moi baixo o que indica que aínda que está probado o inicio da implantación do SGIC, e parece que todos os grupos de interese implicados parecen convencidos da súa utilidade, falla a súa aplicación ordinaria.
E30: Actas do último curso da Comisión de Calidade	Aínda que se observan continuas mencións a actividades realizadas pola Comisión de Calidade, non foi posible a consulta das actas destas reunións. Cumpre rexistrar este tipo de traballo para poder ser usado como traballo de referencia das medidas adoptadas para a mellora da titulación.

1.3.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Mellorable número de rexistro de evidencias no SGC	Non	Aumentar de forma clara o número de rexistros no SGC

1.3.2 Valoración do Criterio:

Sistema de Garantía de Calidade B

1.3.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	E05-E7	Baixo número de rexistro no SGC

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Evidencias:	Descrición
E27: Mecanismos empregados para a análise dos resultados de aprendizaxe	A análise dos resultados consta no informe de revisión do centro pero esta circunscríbese a aspectos globais. As comparacións con cursos anteriores para detectar a evolución do grao de satisfacción (que en cuanto as/os estudantes parece negativo) non se fan de forma exhaustiva. Tendo en conta a evolución tamén negativa da demanda da titulación estes aspectos deberían ser considerados de forma prioritaria para salvagardar a futura viabilidade da titulación. Non se fai análise algunha (ou non consta) dos resultados da EAD.
Indicadores:	Descrición
I03: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	A participación do profesorado nas enquisas é meritoriamente alto, 60% (para o ámbito sobre 49%) o que indica un alto grado de implicación deste grupo. A participación do alumnado, sobre 25%, e lixeiramente superior ó do ámbito (sobre 23%). O profesorado parece, ademais, estar moi satisfeito cos todos os aspectos sobre os que son preguntados obténdose puntuacións 3.95 a 4.58. Estes resultados contrastan con unha valoración bastante negativa de aspectos chave para o desenrolo da titulación por parte do alumnado. Detéctase unha clara insatisfacción coa orientación (2,16), resultados (2,30) e planificación e desenvolvemento das ensinanzas (2,34). Algúns resultados en cuanto a obxectivos e competencias suxiren que parece haber tamén un grupo insatisfeito coa marcha da titulación no curso pasado.
I07: Resultados das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución,...)	Os problemas observados anteriormente, foron reflectidos no Informe de Revisión pola Dirección aínda que as conclusións derivadas deberían ser analizadas en maior profundidade. Falta revisar si ese grao de insatisfacción é xeral ou deriva do comportamento en algunha das materias. Para esta análise, é imprescindible o estudo dos resultados da EAD. Estes últimos datos non foron incorporados no informe.

1.4.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Insatisfacción xeral do alumnado	Si	Análise da EAD por materias e evolución co tempo

1.4.2 Valoración do Criterio:

Recursos Humanos	C
-------------------------	----------

1.4.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Non- Conformidade	107	Non se analizan os resultados da EAD Ver apartado de alegacións

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Analizar e valorar si os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son axeitados ás necesidades do título.

Indicadores:	Descrición
I03 : Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	O resultados das enquisas indican unha aceptable satisfacción por parte das/os estudantes e profesorado por os recursos materiais e servizos do centro.

1.5.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora

1.5.2 Valoración do Criterio:

Recursos Materiais e Servizos **A**

1.5.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	I03	Satisfacción por parte do estudantado e profesorado por os recursos materiais e servizos do centro.

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE: Analizar se os resultados de aprendizaxe acadados polos estudantes son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES.

Evidencias:	
E25-E17: Listaxe de Traballos Fin de Grado/Máster	Non constan datos das cualificacións obtidas no TFM no informe, soamente se inclúen as taxas de éxito e rendemento. Esta última é moi baixa (50%). No informe, atribúese a varias razóns (problemas de tipo laboral e dependencia económica) pero estas mesmas razóns non parecen afectar a outras materias como o Practicum.
E28- E18: Informes de cualificacións das materias/ asignaturas	<p>Non constan os datos de distribución de cualificacións nas diferentes materias no informe de Revisión pola Dirección, tampouco consta unha análise das cualificacións por curso. As taxas incluídas no informe (taxas de rendemento e éxito) amosan valores altos en todas as materias, tamén no Practicum.</p> <p>Nesta evidencia debería aparecer o informe de cualificación de cada unha das materias. Este informe atópase dispoñible actualmente na aplicación Unidata. Accedese a “Acreditación Títulos” e logo a “Matrícula e rendemento” e finalmente escollese o informe “AC-E08- Cualificación de cada unha das materias</p>

1.6.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Análise das cualificacións do TFM e a baixa taxa de rendemento nesta materia	Non	Revisar o deseño do traballo do TFM e se está armonizado co perfil do estudante
Análise das cualificacións das materias	Non	

1.6.2 Valoración do Criterio:

Resultados de Aprendizaxe C

1.6.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	E25-E17	Insatisfactorio rendemento do TFM
Recomendacións para a mellora	E28-E18	Inexistencia de análise dos resultados por materias (incluído o TFM)

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDIMENTO: Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

Evidencias:	
E15- E10: Enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese	No informe de Revisión pola Dirección realizase a análise dos resultados das enquisas de satisfacción polos diferentes grupos de interese.
E12-E19: Informes públicos sobre os resultados da titulación	No informe consta a análise de indicadores de taxas de rendemento, abandono e éxito pero non se analizan os resultados por materia. Aínda que o % de rendemento (100) non indica problemas importantes, no caso do TFM, o rendemento é baixo.
Indicadores:	
I01: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico	Aínda que a demanda da titulación baixou respecto a outros anos, o resultado para este curso é satisfactorio.
I03: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Da análise dos resultados pode destacarse unha insatisfacción xeral do alumnado (2.61). Este grao de satisfacción ten que ver con aspectos de obxectivos e competencias e da orientación (2,16) ou planificación e desenvolvemento das ensinanzas (2,34). Non é bo tampouco o grao de satisfacción cos resultados (2,30).
I11: Indicadores de resultados de forma global para o título.	Aínda que a taxa de abandono é moi boa, a de graduación está xusto na porcentaxe establecida como meta (50%) que é pouco ambiciosa para unha titulación de mestrado. Deste xeito, o promedio de tempo de estudos está a superar, claramente, o ano programado no proxecto docente. A causa é ben clara, o pouco satisfactorios que son os resultados do TFM. Aínda que atribúese o perfil do estudante (actividades formativas simultáneas, actividades laborais e carencia de independencia económica) non se reflexiona sobre a posibilidade de modificar as liñas de traballo deste para adaptalo ó novo perfil do alumando. Téñase en conta que, a materia “Practicum”, que podería verse tamén afectada por este tipo de perfil, mantén ó seu rendemento ó 100%.
I12 Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	Os datos de ocupación, preferencia, adecuación e nota media de acceso á titulación foron analizados no informe de Revisión pola Dirección e poden considerarse satisfactorios.

1.7.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Baixa taxa de rendemento	Non	Analizar a baixa taxa de rendemento do TFM
Non se analizan os resultados das materias	Non	Elaborar anualmente unha análise de resultados (cualificacións incluídas) das materias e facelo público.

1.7.2 Valoración do Criterio:

Indicadores de Satisfacción e Rendemento C

1.7.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	E12-E19	Baixa taxa de rendemento da titulación e aumento da duración media dos estudos. Falla na proposta de accións de mellora neste sentido.
Non Conformidade	I11	Inexistencia (non consta) de informes públicos sobre os resultados da titulación por materias.
Tipo		

1.8 Alegacións da Valoración do Cumprimento:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
<p>2 Información e transparencia Información da organización académica <i>Indícase no informe que non están visibles os horarios das materias, e o calendario de exames. Tamén se menciona que non existe concordancia entre competencias que aparecen na Memoria do título e as que aparecen na guía docente de DOCNET. Así mesmo, indícase que no caso dunha materia existe diferenza no seu nome, entre o que aparece na Memoria e o que consta na guía docente de DOCNET.</i></p> <p>Alegación. (1) A ferramenta fundamental de información pública da organización do título atópase na web do Mestrado. Na web do título atópase toda a información relacionada coa organización académica. Atópanse visibles os horarios das materias e o calendario de exames: pestana horarios na páxina principal da web. Nada mais abrir a pestana aparece o horario das materias, que é o mesmo en cada un delas. A continuación aparece moi claramente o calendario das aulas (días de docencia para cada materia) e o de exames.</p>	<p>Admitida: <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación: Se acepta la alegación al contrastar que los horarios y calendarios de exámenes están visibles en la web. En cuanto a las discrepancias entre las guías docentes y la memoria, en lo relativo a las competencias, se acepta la alegación, pues se considera justificada la explicación que se expone.</p>



(2) En canto ao problema que se constata nas guías docentes, xa se indicou no proceso de acreditación do título, realizado no curso 2014-15 que tal discrepancia foi debida ao solapamento temporal entre a aprobación da nova Memoria e a aprobación das Guías docentes. Primeiro aprobáronse as guías, que correspondían á Memoria antiga, que son as que aparecen nese curso en DOCNET. Unha vez aprobada a nova Memoria non deu tempo a modificar as guías antes de que se pechara a aplicación de DOCNET. Unha vez iniciado o curso, implantouse na súa totalidade a nova Memoria, incluído o relativo ás guías docentes. Polo tanto, a ausencia de concordancia foi debida ao solapamento temporal de dous procesos diferentes

Criterio 2 Información e transparencia
Información de recursos humanos e materiais

Indícase que non se incorpora información sobre o persoal de apoio, como si se fai co profesorado, nin sobre os recursos materiais.

Alegación.

(1) Na web do título están publicados tanto información sobre o PAS como o relativo aos recursos materiais. Ambas informacións atópanse seguindo os seguintes pasos a partir da páxina de acceso: Mais información – 06 Recursos humanos, 07 Recursos materiais e servizos

Admitida:


- Si
- Non

Xustificación:

Se acepta la alegación, tras comprobar que la información está disponible en el sitio indicado. Se modifica la valoración de este apartado



No documento que se abre en recursos humanos (06) consta información sobre o PAS, unha de tipo xenérica, referida ao que se comparte co centro, e outra específica sobre a persoa encargada da administración do título. Esa mesma persoa aparece na pestana de contacto.



Criterio 2 Información e transparencia Información dos resultados

Indicase que non consta que sexa público o informe dos resultados

Alegación

Na web do título está publicada información sobre os resultados. Esa información atópase seguindo os seguintes pasos a partir da páxina de acceso: Mais información – 08 Resultados curso 2014-15 e histórico.



Admitida:

Si

Non

Xustificación:

Se acepta a alegación, tras comprobar que la información está disponible en el sitio indicado. Se modifica la valoración de este apartado

Criterio 4. Recursos humanos

Indícase que non se levou a cabo unha análise da avaliación da actividade docente

Alegación

Non se realiza unha análise de EAD. O motivo é que os docentes do Máster non son sometidos a este sistema de avaliación porque o calendario de aplicación das mencionadas enquisas non se axusta ao calendario docente das materias, pois no momento da súa realización gran parte das mesmas xa finalizaron a súa docencia.

<http://www.masterdiversidade.com/arquivos/horario/CALENDARIO%2015-16.pdf>

Noutros casos, as enquisas non se adaptan ás características particulares de determinadas materias, como o Traballo Fin de Máster e as Prácticas Curriculares Externas, pois se utiliza un único modelo para todas as materias.

Co fin de solventar este problema e dada a necesidade de que o profesorado conte cun *feedback* sobre a súa calidade docente, a coordinación do Máster deseñou e ten implementado un sistema alternativo de avaliación da docencia que supera este inconveniente.

Este mecanismo de avaliación é aplicado, ao finalizar cada materia, de forma inmediata, e utiliza un instrumento que permite recoller información cualitativa e cuantitativa. A técnica utilizada xera un maior nivel de motivación e comprensión da súa utilidade no alumnado e, á súa vez, a análise da información posibilita un coñecemento en profundidade da situación para promover cambios desde a coordinación e implicar ao profesorado no deseño de propostas de mellora moito máis contextualizadas, áxiles e eficientes que contribúen a optimizar a calidade do título a curto (dentro do mesmo curso académico) e medio prazo.

De feito este sistema favoreceu melloras na planificación temporal da docencia que foron postas en marcha o presente curso 2015-16.

Os resultados desas enquisas están incorporadas na plataforma de seguimento de título (E15-E10):

https://seix.uvigo.es/sgic/pdf_entry.php?id=35720&entry=10

De feito, a Comisión de Avaliación para a renovación da Acreditación do Título no 2014 manifestou na entrevista mantida coa CGIC do Centro a referida modalidade de avaliación como unha alternativa adecuada e animou a que se continuara coa mesma.

Admitida:

Si

Non

Xustificación:

Se acepta la alegación por tener el título implantado un mecanismo adecuado para valorar la actividad docente del profesorado. Se recomienda indicar en próximos informes la existencia del mismo, así como el análisis de los resultados obtenidos. En todo caso se recomienda adscribirse al sistema oficial de la Universidad ya que las encuestas se pueden hacer cuando el máster así lo determine.

Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Listaxe de Traballos Fin de Mestrado

Indícase:

(a) *Que non constan datos das cualificacións obtidas no TFM no informe de seguimento.*

(b) *Que as xustificacións que se aportan aos problemas detectados no TFM non son suficientes, pois non explican como se pode fracasar no TFM e ter éxito no Practicum*

Alegación

- Ignorábamos que no informe de seguimento houbera que incluír as cualificacións do TFM.

- Esa información non era relevante para analizar porque no curso 2014-15 o nº de estudantes que superaron a materia do TFM era máis baixo do previsto. As cualificacións que se obteñen nesa materia son elevadas e non existe ningún suspenso: 7 notables e 9 sobresaliente. Polo tanto, a información das cualificacións é totalmente irrelevante para o asunto que nos ocupa.

- De feito, o problema está en que existen estudantes que non presentan o TFM porque ou ben non o teñen finalizado, ou xa o pospoñen para o próximo curso.

- Posto que a nota de acceso dos estudantes é semellante a anos anteriores, o profesorado non variou, nin se modificaron os criterios de calidade á hora de valorar o TFM; as razóns que se expuxeron no seguimento, obxecto de reflexión e discusión, seguen a ser válidas, e non dependen da organización do título:

(a) foi un curso no que se convocaron moitas prazas para oposicións ao ensino público, o queixo que unha parte importante do noso alumnado dedicara o seu tempo a preparalas, deixando o TFM para o seguinte curso;

(b) existen estudantes que non se dedican exclusivamente aos estudos do Mestrado, pois para sobrevivir en tempos de crise económica e paro realizan pequenos traballos e/ou seguen outras actividades formativas en paralelo cos nosos estudos;

(c) tamén existen estudantes que son xa profesionais e con máis idade que o alumnado ordinario, e teñen que conciliar as súas responsabilidades laborais e familiares cos estudos.

(d) Lembrar que os nosos estudantes teñen unha puntuación positiva nas taxas de rendemento, abandono, éxito e eficiencia.

Admitida:

Si

Non

Xustificación:

Uno de los posibles criterios a seguir para determinar si se consiguen los resultados de aprendizaje propuestos es analizar las calificaciones que los alumnos consiguen en cada una de las materias, prestándosele especial atención al TFM, pues en esta materia se trabaja un gran número de competencias. Es por ello, que se solicita incluir en el informe de seguimiento las calificaciones del TFM y un análisis de las mismas, con el fin de comprobar que la distribución de las mismas sigue un patrón razonable.

Este criterio se ampliará a todas las materias, proporcionando los servicios informáticos de la Universidad la información sobre los resultados obtenidos.

Por todo ello se recomienda, que en los informes de los próximos años, se vaya incorporando el análisis de los resultados por materias.

En cuanto a la argumentación sobre el retraso en la lectura de los TFM, se considera justificada y razonable, aunque se debe recordar que la tasa de graduación se calcula en dos años (N+1) por lo que quizás algunas de las causas aducidas no se puedan justificar al cabo de ese tiempo.

FINALMENTE, indicar que cando un estudante decide que non pode seguir o curso completo, pospón a materia do TFM, pois é a que esixe maior dedicación e formación para adquirir as competencias do mesmo.

- A súa complexidade non pode ser comparable co Practicum (tal como afirman os revisores do auto-informe), que esixe outro tipo de competencias ben diferentes. Polo tanto, consideramos que a reducida taxa de graduación do Mestrado, debido especialmente ao TFM, non está relacionada con problemas docentes e organizativos do mesmo. Moi ao contrario, nese curso e tamén nos sucesivos, se organizaron actividades específicas para facilitar a realización do TFM.

2. Plan de Melloras do Título

Resultado:

- Conforme excelente** **Conforme** **Non Conforme**
 A **B** **D**
 C

2.1 Xustificación da Valoración

Valoraranse só as accións de mellora do cadro do último curso académico e das accións da titulación. De xeito xeral para realizar a valoración deste epígrafe, pódese facer reflexionando as seguintes cuestións. Si non hai incumprimentos ou existen incumprimentos de xeito puntual (<25% das accións) a valoración é Conforme. Si hai incumprimentos pero non son sistemáticos (<50% das accións) a valoración é Recomendación para a mellora. Si os incumprimentos son sistemáticos (>50% das accións) a valoración é Non conforme

Cuestións	Valoración	Descrición
Todos os puntos febles atopados levan asociados unha acción de mellora?	C	<ul style="list-style-type: none"> Algunha das accións de mellora non se realizaron o sinxelamente non se informa do seu estado. Outras, aínda que se realizaron non tiveron o resultado pretendido. En xeral, pouco mais da metade delas tiveron éxito. Con todo o elemento mais negativo e a falla de propostas de accións correctivas a desenvolver naquelas nos que os resultados non foron os esperados. Algunha delas, como as orientadas a mellora da satisfacción coa orientación do alumando seguen a ser un punto negativo do percepción da titulación.
As accións de mellora en xeral son coherentes para solucionar os puntos febles ?	C	<ul style="list-style-type: none"> Aínda que na CAM e comisión de calidade faise mención do compromiso dos responsables e docentes da titulación coa mellora da titulación e centro, o baixo número de rexistro de evidencias no SGC non permite probar a intensidade coa que esta intensidade se transmite en accións reais. En aqueles casos no que as acción non tiveron éxito, se espera unha maior reflexión por parte dos responsables da titulación e, no seu caso, a proposta novas accións de mellora.

2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora		Baixo no. De accións de mellora realizadas ou con éxito.
Recomendacións para a mellora		Falla na proposta de novas accións alternativas en aqueles casos en que as accións realizadas non obtiveron o resultado esperado

2.3 Alegacións do Plano de Melloras:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	

3. Modificacións do plan de estudos

3.1 Xustificación da Avaliación:

Incluiranse neste todas as modificacións **non substanciais**, que son aqueles cambios menores que melloran o título e que detectáronse no proceso de avaliación e non aparecen neste apartado

Indicar cales na seguinte ligazón: [Modificacións do plan de estudos](#) da páxina 2 deste modelo.

3.2 Alegacións das Modificacións do Plano de Estudos:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	